

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Anuncio.

Produciuse extravío do título do CAP, expedido pola USC a favor de M^a Concepción Gómez Gómez, do 18 de abril de 1980.

Santiago de Compostela, 23 de abril de 2009.

Isabel García-Rodeja Gayoso
Secretaria xeral da Universidade de Santiago
de Compostela

b) DA ADMINISTRACIÓN LOCAL

CONCELLO DE BECERREÁ

Anuncio.

O Pleno do Concello, por acordo adoptado na sesión extraordinaria do día 22 de xaneiro de 2009, acordou a aprobación definitiva do estudo de detalle referido ao cuarteirón situado na esquina avenida Instituto-rúa Carlos III, promovido por Elba Josefina Méndez Freijo, redactado polo arquitecto Miguel Cortés Rivera e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, co obxecto de reordenar os volumes edificables no cuarteirón de vivenda unifamiliar en ringleira, para desenvolver as normas subsidiarias de planeamento do concello de Becerreá, aprobadas por acordo da Comisión Provincial de Urbanismo de Lugo en sesión do 28 de abril de 1995.

En cumprimento do disposto no artigo 92.3º da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, con data do 23 de abril de 2009, remitíronse á consellería competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio dous exemplares do estudo de detalle aprobado definitivamente con todos os planos e documentos que o integran, debidamente dilixenciados polo secretario do concello.

Así mesmo, de acordo co sinalado no artigo 92.2º da citada lei, faise público o anuncio de aprobación definitiva no BOP de Lugo.

Contra o acordo do Pleno, que pon fin á vía administrativa, pode interpor alternativamente ou recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio, ante o Pleno do Concello de Becerreá, de conformidade cos artigos 116 e 117 da Lei de réxime xurídico e procedemento administrativo común, ou recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da publicación deste

anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei da xurisdición contencioso-administrativa. Se se optase por interpor o recurso de reposición potestativo, non se poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida exercer calquera outro recurso que considere pertinente.

Becerreá, 24 de abril de 2009.

O alcalde
Rubricado

CONCELLO DE CEDEIRA

Anuncio.

No BOP nº 86, do 17 de abril de 2009, publicáronse integramente as bases que rexerán a provisión en propiedade dunha praza vacante de funcionario de carreira, da escala de Administración especial, subescala de servizos especiais, clase policía local, incluída na oferta de emprego público aprobada pola Xunta de Goberno local do 7 de outubro de 2008 (DOG nº 230, do 26 de novembro e BOP nº 253, do 3 de novembro).

As instancias de solicitude para tomar parte no proceso selectivo para cubrir as ditas prazas poderanse presentar no prazo de vinte días naturais a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no BOE e no *Diario Oficial de Galicia*.

Os sucesivos anuncios sobre esta convocatoria publicaranse no BOP e no taboleiro de edictos do concello.

Cedeira, 21 de abril de 2009.

José Luis Vergara Rey
Alcalde

CONCELLO DE OURENSE

Anuncio.

Anúnciase que a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria do 30 de abril de 2009, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

1. Aprobar inicialmente o estudo de detalle AR 15-O Limoeiros II, redactado de oficio pola adxudicataria *Fernández Carballada y Asociados, S.L.*

A adxudicataria deberá corrixir o documento no sentido establecido no informe do Servizo de Enxeñaría do 16 de abril de 2009, do que se lle achegará copia para o seu coñecemento e exacto cumprimento. De forma previa á aprobación definitiva pre-